



Reclamante: 
Expediente. Nº RSCTG 74/2022

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por , mediante escrito do 12 de abril de 2022, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 28 de xuño de 2022, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 12 de abril de 2022, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante a Consellería de Facenda e Administración Pública (Dirección Xeral de Función Pública), presentada como participante pola quenda de promoción interna no proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior, escala de ciencias na especialidade de Bioloxía, da Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia subgrupo AI, convocado mediante orde do 22 de novembro de 2019, de obtención de copia de escrito de alegacións do 8 de xullo de 2021, recurso de alzada do 24 de xullo de 2021 contra a Resolución do 9 de xuño de 2021, do tribunal, recurso de alzada do día 22 de novembro de 2021 contra a Resolución do 11 de outubro de 2021 do tribunal, recurso de alzada do 11 de febreiro de 2022 contra da resolución do 02 de febreiro de 2022, da Dirección Xeral da Función Pública, copia das actas das sesións do tribunal, dos acordos, ditames, informes, consultas formuladas, e das respostas recibidas coa finalidade e dar resposta aos documentos anteriores.

O reclamante indicaba que a Dirección Xeral de Función Pública non respondeu ao seu requirimento, como participante pola quenda de promoción interna no proceso selectivo, de traslado de copia da documentación que solicitou referente ao procedemento selectivo.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 19 de abril de 2022 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Facenda e Administración Pública para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 21 de abril de 2022.

Terceiro. Con data do 16 de xuño de 2022 a Consellería de Facenda e Administración Pública contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que con data de 3 de maio de 2022 ditouse Resolución do Director Xeral da Función Pública pola que se desestima a solicitude realizada polo reclamante.

Considera de aplicación o disposto na Disposición Adicional I da Lei 19/2013, dada a condición do reclamante, de interesado nun procedemento administrativo en curso, polo que é de aplicación a normativa que rexe o procedemento.

No informe faise un detallado análise do acceso á documentación xerada durante o proceso selectivo e as normas que o rexen.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Análise do expediente

O interesado presentou reclamación inicialmente contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á documentación xerada polo tribunal encargado dun procedemento selectivo no que participa e no que por tanto ten a condición de interesado, e no que posteriormente, a Dirección Xeral de Función Pública ditou resolución expresa.

Como xa se manifestou esta Comisión en anteriores pronunciamentos sobre a materia que agora nos ocupa, cabe lembrar que, aínda que a teor do seu artigo 13 en relación co artigo 12, a Lei 19/2013 recoñece o dereito dos cidadáns para acceder a información pública en mans dos organismos e entidades incluídos no seu ámbito de aplicación -artigo 2-, non é menos certo que dita norma indica na súa Disposición adicional primeira, parágrafo primeiro, que a normativa reguladora do correspondente procedemento administrativo será a aplicable ao acceso por parte de quen teña a condición de interesados nun procedemento administrativo en curso aos documentos que se integren no mesmo.

Respecto á aplicación da dita Disposición Adicional, deben cumprirse unha serie de requisitos para que poida apreciarse a súa concorrencia como un motivo de inadmisión: primeiro, debe existir un específico procedemento administrativo aplicable ao caso, segundo, a persoa reclamante debe ser interesada no mesmo, e terceiro, o procedemento debe estar en curso. Analizando estes requisitos na actual reclamación, debe concluírse que, na data na que se realiza a solicitude e se presenta o recurso, de acordo coa documentación remitida polo interesado e o informe e copia do expediente remitido pola Dirección Xeral de Función Pública, concorren no caso que nos ocupa, dado que a reclamación se presenta por persoa participante no procedemento selectivo e no curso do mesmo, polo que debe inadmitirse por este motivo, a reclamación presentada.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 12 de abril de 2022, contra a denegación de desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante a Consellería de Facenda e Administración Pública (Dirección Xeral de Función Pública), á solicitude presentada como participante pola quenda de promoción interna no proceso selectivo no que ten a condición de interesado, de acceso a determinada documentación.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:
S6500009C)

Fecha: 2022.07.06 14:27:50 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia.